Resumo

Unidade 5

O século XVII vaise ver dominado, agás o parlamentarismo de Inglaterra e Holanda, polas monarquías absolutistas dos estados europeos. A hexemonía vai corresponder, trala Guerra dos Trinta Anos, a Francia, que vai reemprazar no seu dominio político a España a partir da metade da centuria, despois da paz de Westfalia. Este mapa político vai ter, en xeral, o seu correlato cultural, coas correntes filosóficas do racionalismo (nos espazos do absolutismo) e empirismo (en Inglaterra).

O outro vector histórico do século é o conflito entre Reforma e contrarreforma e a súa consecuencia cultural: o barroco como mecanismo apoloxético do absolutismo.

Tamén é central a importancia e desenvolvemento da ciencia, con figuras tan destacadas como Galileo, Kepler, Giordano Bruno, Newton, etc., vítimas tamén da persecución do poder absolutista e eclesiástico a través, fundamentalmente, da Santa Inquisición.

Estúdanse dúas grandes figuras dramáticas: Shakespeare, quen culmina o teatro isabelino e compón pezas teatrais definitivas, e Molière, o máximo representante da comedia francesa, ambos creadores de carácteres e prototipos que os converten en referencias ineludibles da literatura universal.

Ademais faise un repaso breve sobre as literaturas europeas máis significativas. Así, na literatura inglesa destácase a poesía *metafísica* (con autores como Donne, Milton e Dryden). Na francesa resáltase a *querelle* dos antigos e modernos, e coméntase a obra de autores didácticos como La Fontaine, Boileau, a narrativa de Cyrano ou La Fayette, ademais da comedia de Racine e Corneille, e do citado Molière. Na italiana hai unha mención da lírica de Marino, a prosa científica e a de ficción (caso de Campanella). En Alemaña, o fundamental é a incidencia da reforma e a Guerra dos Trinta anos, dentro da cal sobresae a obra de Grimmelshausen. En Portugal destaca a figura elocuente de António Vieira.